

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

IV Mes do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras

OBXECTO

1. O Mes do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras nace coa vocación de promover e organizar actividades teatrais, e contribuír á mellora da oferta cultural eumesa, potenciando a divulgación das compañías teatrais afeccionadas.

CALENDARIO DE REPRESENTACIÓNS

2. O IV Mes do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras terá lugar os, sábados 6,13, 20 e 27 de maio de 2017.

3. A apertura do certame corresponderá ao grupo Arjé **Teatro o día 6 de maio, e a clausura ao grupo Dame Cuerda Que Teatro o día 27 de maio.**

4. O horario das representacións será ás 20:30 horas. O lugar de tódalas representacións será o Salón de actos do IES Breamo situado na Rúa **Ricardo Sánchez nº5, Pontedeume.**

5. As labores de carga e descarga, así como as de montaxe e desmontaxe de decorados e escenografía, serán realizadas por persoal da compañía ou grupo.

MEDIOS TÉCNICOS

6. O Salón de Actos do IES Breamo conta coas seguintes dotacións técnicas (Pode descargarse da páxina web do Concello de Pontedeume un plano esquemático do salón de actos):

- Un escenario de 7 m. de ancho, 5 m. de fondo e 2,5 m. de alto. Conta con paso traseiro e entrada directa ao escenario desde o camerino.
- Unha barra exterior dotada de 4 focos PAR e 4 focos PC.
- 3 luces no frontal do escenario con cores intercambiables.
- Mesa de son e de luces.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Reproductor de DVD e proxector.
- Toma de corrente.
- Tarima de madeira.
- Telón.
- Patio de butacas cun aforo para 130 persoas.
- Aparcamento reservado para carga e descarga.

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

7. O Encontro só está aberto a grupos de teatro afeccionado. Cada grupo pode presentar o número de obras que desexe, das cales só poderá ser seleccionada unha. As obras poderán ser representadas tanto en galego como en castelán e deberán ter unha duración mínima de 45 minutos.

8. Non se poderán presentar obras seleccionadas en edicións anteriores deste certame, pero si poderán participar compañías que teñan participado en anos anteriores.

REQUISITOS DE INSCRICIÓN

9. Toda compañía que desexe participar no Encontro deberá enviar a seguinte documentación:

- A “Ficha do espectáculo” cuberta cos datos da obra representada. (Pode descargarse da páxina web do Concello de Ponte deume)
- Un mínimo de 3 fotografías do espectáculo e cartel da obra en formato dixital para a promoción do mesmo.
- Un dvd do espectáculo **íntegro** que representará, ou enlace web para a súa visualización.

10. Todo isto deberá ser facilitado por correo electrónico á seguinte dirección:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

pontedeumeenobras@gmail.com

Ou por correo postal á dirección:

Rúa Real nº13

15600 (A Coruña)

Especificando: *IV Encontro de Teatro Afeccionado Ponte deume en Obras.*

11. A documentación presentada pasará a formar parte dos fondos da organización, quen poderá usala para publicidade deste ou posteriores encontros.

PRAZO

12. O prazo límite para a presentación da documentación conclúe o luns 7 Abril de 2017.

SELECCIÓN

13. Os membros do grupo DameCuerdaQueTeatro xunto cun representante do Concello de Ponte deume asignado pola Concellería de Cultura serán os encargados da selección, entre tódalas solicitudes presentadas, daquelas que conformarán a programación do IV Mes do Teatro Afeccionado Ponte deume en Obras.

14. Serán os membros de DameCuerdaQueTeatro os encargados de contactar cos grupos seleccionados e acordarán con cada un deles a data da súa actuación.

CACHÉ

15. A organización abonará a cantidade de 250 € a cada compañía seleccionada para o Encontro en concepto de caché por participación.

16. Para poder facer efectivo o ingreso dese caché cada compañía teatral deberá aportar no momento en que lle sexa requerido pola organización:

- Unha certificación bancaria do número de conta do que sexa titular.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Unha factura por 250 € a nome do Concello de Pontedeume (CIF:P1507000F; Rúa Real nº13 Pontedeume, A Coruña) en concepto de “Representación por participación no *III Mes de Teatro Aficionado Pontedeume en Obras*”. Dita factura deberá presentarse a través da plataforma online de presentación de facturas electrónicas.

Punto de entrada automatizada de datos (FACe): www.face.gob.es

Código da oficina contable: L01150695 INTERVENCION

Código do órgano xestor: L01150695 ALCALDIA

Código da unidade tramitadora: L01150695 INTERVENCION

CONFORMIDADE

17. A presentación da documentación esixida implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.

18. Calquera circunstancia non prevista nestas bases, así como a interpretación das mesmas, será responsabilidade do Concello de Pontedeume de maneira inapelable.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

